



COMISIÓN DE DENUNCIA DE GALIZA

**A Comisión de Denuncia de Galiza,
Coordenación social fronte a tortura e os malos tratos, Informa:**

Aos medios de Comunicación

A mediados de xullo deste ano aparecía a noticia en distintos xornais sobre un suposto motín no cárcere de Teixeiro protagonizado, segundo uns, por perigosos presos etarras e islamitas e, segundo outros, por presos comúns que protestaban polas insoportables condicións de vida na prisión e, en especial, polo réxime de illamento do primeiro grao

Porén, non chegou a existir contrastación das contraditorias informacións oficiais procedentes todas elas de fontes próximas aos carcereiros (incluídos os sindicatos CSI-CSIF, ACAIP e CIG) coas versións dos propios presos, os cales, de feito, cursaron distintas denuncias contra o Subdirector de Seguridade e varios funcionarios de prisión por torturas, malos tratos, abuso de autoridade e ameazas.

É por isto que este sábado 23 de decembro a sociedade civil, organizada en torno á Comisión de Denuncia da Galiza, queremos sacar a voz dos presos fóra dos muros da prisión a través dunha marcha ao cárcere Teixeiro que vimos facendo cada ano en protesta pola inutilidade e a violencia dunha institución que non fai máis que incrementar o sufrimento e a marxinalidade da súa poboación reclusa.

A marcha comezará ás 12 - 12.30 h desde a gasoleira do cruce próximo á cadea.

Comisión de Denuncia da Galiza

Mais info en <http://denuncia.info>